

# CAMPIONATO GALEGO DE WATER-POLO INFANTIL

Tempada 2006 - 2007 - Circular 06-40

## 1.- Participación

- 1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles Clubs inscritos na FEGAN, ata un máximo de dous equipos por Club.
- 1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión da correspondente licenza federativa (será obrigatoria a presentación de documento que acredite a idade do xogador en caso de que algún Club ou Delegado Federativo así o solicite antes dos partidos).
- 1.3.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 93 e posteriores.

## 2.- Inscripcións

- 2.1.- Os equipos deberán comunicar a súa participación á FEGAN polo menos un mes antes da celebración da competición, debendo remitir o ANEXO debidamente cuberto polo menos 10 días antes da celebración de cada campionato.

## 3.- Calendario

- 3.1.- Celebraranse dous Campionatos de Inverno e Verán segundo o calendario. As datas poden ser modificadas en función das competicións nacionais e comunicaranse oportunamente, así como as modificacións oportunas nos prazos de inscrición.

## 4.- Sistema de xogo

- a) Dous equipos (A-B): Fase final. Partido único. Final A-B.
- b) Tres equipos (A-B-C): Celebraranse eliminatorias previas a semana anterior na xornada de sábado e domingo por sorteo para decidir os dous finalistas a partido único da seguinte forma:
  - Eliminatoria 1: A - B
  - Eliminatoria 2: Perdedor eliminatoria 1 - C
  - Fase Final: Gañador eliminatoria 1 - Gañador eliminatoria 2
- c) Catro equipos (A-B-C-D): Xornadas de semifinais por sorteo, 3ª e 4ª posto e final. No caso de haber dous equipos do mesmo Club, estes non se enfrontarán en semifinais
  - Fase final:
    - Mañá:
      - Semifinal A-B
      - Semifinal C-D
    - Serán:
      - 3ª-4ª Posto: Perdedor semifinal 1 - Perdedor semifinal 2
      - Final: Gañador semifinal 1 - Gañador semifinal 2
- d) Máis de catro equipos. Celebraranse eliminatorias previas por sorteo a partido único en datas previas ata quedar catro equipos e seguir o sistema c). No caso de que existan Clubs con dous equipos o segundo equipo terá que disputar obrigatoriedade a eliminatoria.

Todos os partidos e todos os sistemas de competición acabarán con un vencedor (sen posibilidade de empate)

## 5.- Obrigas dos equipos

- 5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.
- 5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigas que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- Títulos e premios

6.1.- Ao finalizar a competición entregarase un trofeo ao equipo campión Galego e medallas aos compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

A Coruña, 21 de xullo de 2006

Anexo:

<b>Campionato Galego De Wáter-Polo Infantil</b>				
<b>Formulario de inscripción -Tempada 2006 - 2007</b>				
Club / Equipo :				
Nome persoa de contacto:				
Indicar a categoría na que se inscribe:				
	CAMPIONATO DE INVERNO			CAMPIONATO DE VERÁN
<b>DEPORTISTAS</b>				
	Apelidos	Nome	Data nacem	Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7...				
8.				
9.				
10.				
11.				
12.				
13.				
14.				
15.				
16.				
17.				
18.				
19.				
20.				
<b>TÉCNICOS</b>				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				
<b>DIRECTIVOS / DELEGADOS</b>				
	Apelidos	Nome		Nº Licenza
1.				
2.				
3.				

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN